

Autorización¹

D/D^a _____,
DNI _____ na miña condición de persoa responsable do/a menor ____

_____,
dou a miña autorización para que o/a citado/a menor:

- Participe nas actividades de **Verán máis alá! 2018**
- Saír do recinto para as actividades relacionadas con Verán máis alá! (excursións, piscina municipal e outras saídas programadas)

Tamén autorizo ao monitorado de Verán máis alá! e persoal do Departamento Municipal de Cultura e Ensino para colocar fotografías do/a menor do que son responsable na páxina web do Concello, DVD final da actividade e memoria final de **Verán máis alá! 2018**

RECOLLIDA DOS/AS MENORES PARTICIPANTES:

AUTORIZO baixo a miña responsabilidade, a recoller ao meu fillo/a, ás seguintes persoas maiores de idade:

D/Dna.: _____ DNI _____

D/Dna.: _____ DNI _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que estes datos son certos.

Fene, _____ de xuño de 2018

Asdo,-----

¹No caso de non conceder autorización para algún dos supostos enumerados, pedir no Departamento de Cultura e Deportes a ficha específica para estes casos e entregala debidamente cuberta.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

(A cubrir pola Administración)

- Volante de empadramento no Concello de Fene
- Informe médico, só no suposto de que o neno/a deba ter un tratamento específico ou doenza que haxa que ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE:** cando sexa o caso, facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.
- Certificado de pagamento
- Ficha datos médicos-sanitarios e autorización
- Autorización recollida participantes
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Fotografía tamaño carné

No caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e centros de referencia na zona.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE FENE. En calquera momento, poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.

ORGANIZA:



Área de Cultura, Educación, Deportes,
Servizos Sociais e Igualdade

VERÁN MÁIS ALÁ! 2018

SOMOS DIFERENTES, SOMOS IGUAIS!

<http://www.fenecidadan.gal>



Programa de conciliación da vida laboral familiar/campus lingüístico para facilitar unha alternativa de lecer educativo, na nosa lingua, á vez que se promove a conciliación da vida laboral e familiar.

Do 2 ao 27 de xullo de 2018 no CEIP DE CENTIEIRAS (Perlío)

DIRIXIDO AO ALUMNADO **ESCOLARIZADO EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA NADOS ENTRE OS ANOS 2006 e 2014** (idades de referencia, mínima 3 anos cumpridos e escolarizado no curso 2017/2018; máxima 12 anos cumpridos na data de comezo da actividade).



HORARIO de 8:00 a 14:30 horas.

- **Bo día:** de 08:00 a 10:00 h. (Os nenos e as nenas poderán incorporarse a calquera hora nesta franxa horaria)
- **Máis Alá!:** de 10:00 a 14:30 h (Os nenos e as nenas terán que incorporarse ás 10:00 h. e saír entre as 14:00 e as 14:30 h.)

É un espazo lúdico-educativo non regrado no que practicamos e fomentamos o galego como lingua de uso, promovemos contidos educativos transversais que respondan aos problemas sociais e que teñan presente a formación en valores: educación para a paz e a non violencia, a tolerancia e a solidariedade, a identidade e a diversidade, a igualdade social e de xénero, a educación para a saúde, o coidado medioambiental, o consumo sostible.....
A temática central do *Verán máis alá!* versará sobre “somos diferentes, somos iguais”, para promover o recoñecemento da diversidade a partir da propia identidade.

En VERÁN MÁIS ALÁ! faremos:

- ✓ Un amplo abano de actividades artísticas utilizando diferentes materiais que maximicen o potencial creativo das pequenas e pequenos artistas.
- ✓ Actividades formativas que apoiem o currículo formal escolar, sen perder de vista o contexto lúdico e educativo no que se desenvolven: contafábulas, contos e xogos en inglés, ciencia divertida.....
- ✓ Xogos cooperativos e populares, predeporte e deportes convencionais para favorecer a socialización, a cooperación, a tolerancia e o xogo limpo.
- ✓ Actividades acuáticas: xogaremos na auga nas instalacións da Piscina Municipal.
- ✓ Excursións: coñeceremos o noso Concello e outros puntos da comarca.
- ✓ Danza, música, teatro: coreografías, bailes, ritmos e expresión corporal, elasticidade.....

A FICHA DE DATOS deberá entregarse no Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, 44 entresollado dereita) **por rigorosa orde de inscrición** até cubrir as **120 prazas por cada quincena**, consonte ás seguintes condicións:

- **VECIÑOS/AS DE FENE. Mércores, 6 de xuño + xoves, 7 de xuño de 2018**
 - Horario ininterrompido de 08:00 a 19:00 h. (mércores 6) e de 08:00 a 14:00 h (xoves 7)
 - Documentación: Ficha de xeral de datos - Volante de empadramento no Concello de Fene do/a neno/a no que se acredite que leva empadornado/a en Fene como mínimo dende o 2 de maio de 2018
- **VECIÑOS/AS DOUTROS CONCELLOS (só se quedan prazas vacantes, extremo que se anunciará na páxina web <http://www.fenecidadan.gal>). Venres, 8 de xuño de 2018**
 - Horario de 08:00 a 14:00 h.
 - Documentación: Ficha de datos

(A entrega **da documentación especificada en cada data, cuberta en todos os seus extremos**, é condición imprescindible para reservar praza).

Co fin de lograr a efectiva difusión desta campaña para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e a eficiencia na organización e xestión pública (artigo 2.b da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega), de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2.c), recolleranse experiencias e mesmo obteranse fotografías das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web **http://www.fenecidadan.gal**, na da propia actividade e nas memorias de *Verán máis alá!*.

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a obtención e publicación destas imaxes. No caso de non autorizar, deberá manifestalo expresamente e por escrito.

O luns, 11 de xuño, hase publicar a listaxe dos/as participantes no XVI Verán Máis Alá!. Publicada a listaxe na web <http://www.fenecidadan.gal>, poderá facerse o ingreso bancario (**NON SE ACEPTARÁN INGRESOS ANTERIORES A ESTA DATA**) e entregar no Departamento de Cultura e Deportes, **antes das 14:00 h. do venres 15 de xuño**, a documentación que se relaciona de seguido:

- Certificado de ingreso bancario.
- Ficha de datos médicos-sanitarios asinada. No suposto que o neno/a deba ter un tratamento específico ou doenza que haxa que ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.
- Autorización recollida participantes
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Fotografía tamaño carné co nome escrito na parte de atrás.

Nº de conta. Abanca (IBAN)	ES75 - 2080 - 0209 - 5630 - 4000 - 9274
Concepto	<i>Verán Máis Alá!</i> 2018. Nome e apelidos do/a neno/a participante na actividade

IMPORTANTE:

- **Hai que facer ingresos diferentes e individualizados por cada participante mesmo no caso que sexan irmáns/ás. Os ingresos hai que facelos indicando SEMPRE o nome do/a participante.**
- **Non entregar a documentación requirida antes das 14:00 h do 15 de xuño implica a renuncia á praza.**
- **As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, presentala fóra do prazo establecido, por renuncia expresa á praza ou por non cubrirse as prazas de cada quincena, seranlles ofrecidas aos/ás solicitantes que figuran na lista de agarda. No caso que se produzan vacantes o Concello de Fene contactará, seguindo a orde da listaxe, coas persoas suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9:00 e as 14:00 horas. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na listaxe de agarda. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada nun prazo de 48 horas. No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, a praza ofertarase á seguinte persoa en lista de agarda.**

COTAS:

Todo o mes: 1º membro da unidade familiar, 68,15 € • A partir do 2º membro da unidade familiar, 36,70 €
Quincena: 1º membro da unidade familiar, 34,08 € • A partir do 2º membro da unidade familiar, 18,35 €

REDUCIÓN DE COTAS:

- En situación de escasa capacidade económica, as tarifas poderán reducirse no 50% e mesmo acceder gratuitamente a esta actividade nos termos sinalados no artigo 4) da Ordenanza fiscal núm. 2.
- As persoas interesadas en acollerse ao suposto citado anteriormente, deberán formalizar igualmente a matrícula e o pagamento da cota nos prazos fixados.

OBSERVACIÓNS XERAIS

- Cada persoa só poderá inscribir como máximo a dous/dúas nenos/as (a non ser que sexan irmáns/ás).
- Unha vez comezada a actividade non procederá a devolución da cota.
- De proceder a devolución da cota por erro, baixa ou outras cuestións, hase rexer polos prazos e procedementos establecidos.
- A empresa adxudicataria da prestación deste servizo está obrigada a subscribir pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil coas coberturas mínimas esixidas no pregos nos que se baseou a adxudicación da prestación deste servizo.
- Haberá unha **reunión previa cos pais/nais/titores e coa empresa** organizadora da actividade que terá lugar o mércores **27 de xuño, ás 20 h.** na **Sala de Plenos da Casa do Concello** e na que se presentarán, programa protocolos de actuación en caso de accidentes, protocolos para a entrada e saída dos/as nenos/as, organización dos grupos e demais normas de funcionamento da actividade.
- A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

MÁIS INFORMACIÓN

Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, 44, entresollado dereita) 15500 Fene
 Teléf.: 981 340 366. Correo electrónico: cultura.deportes@fene.gal • Web: <http://www.fenecidadan.gal>



Ficha de datos

Núm.

Nome

Apelidos

Data de nacemento

D.N.I.

Enderezo

Localidade C.P.

Correo electrónico

Teléfonos de contacto:

1º 2º 3º

OBSERVACIÓNS MÉDICO-PERSOAIS

ENFERMIDADES:

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS:

ALERXIAS:

OUTROS:

.....

SABE NADAR? SI NON

MODALIDADE A ESCOLLER:

Todo o mes:

Bo día + Máis Alá! (de 8:00 a 14:30 h.)

Máis Alá! (de 10:00 a 14:30 h.)

Quincenas:

1ª Quincena do 2 ao 13 de xullo de 2018

Bo día + Máis Alá! (de 8:00 a 14:30 h.)

Máis Alá (de 10:00 a 14:30 h.)

2ª Quincena do 16 ao 27 de xullo de 2018

Bo día + Máis Alá! (de 8:00 a 14:30 h.)

Máis Alá! (de 10:00 a 14:30 h.)

Ficha datos médicos-sanitarios

Nome

Apelidos

Data de nacemento

D.N.I.

OBSERVACIÓNS MÉDICO-PERSOAIS

ENFERMIDADES:

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS:

ALERXIAS:

OUTROS:

ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao monitorado de *Verán máis alá!* 2018 á administración do/s medicamento/s prescritos ao meu fillo/a na/s dose/s e no horario que a continuación se especifica, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Fene e ao monitorado.

Medicamento	Dose	Horario

IMPORTANTE:

Non se administrará ningún medicamento non prescrito nin autorizado.

TRASLADO DO/A PARTICIPANTE ANTE UNHA EMERXENCIA

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao monitorado de *Verán máis alá!* 2018 para que en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, poidan trasladar ao antedito/a participante ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

Asdo.-

No caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e centros de referencia na zona.

